

## O Festival Atlántica celebra o Día Internacional da Narración Oral con solidariedade e lectura do Manifesto

- As actividades desenvolveranse ao redor do 20 de marzo e nelas participan tamén -nas cidades correspondentes- Sete Falares, Falando a Boca Chea e integrantes de NOGA, a asociación de profesionais da Narración Oral de Galicia
- Unha vintena de artistas espallaranse por varias cidades e vilas do país para celebrar a arte máis antiga do mundo



Cartel do Día Internacional da Narración Oral Galicia (Deseño: [Raquel Boo](#))

A XI edición do [Festival Atlántica](#) vaise celebrar durante o verán, máis o encontro non quere deixar de festexar unha das súas citas máis emblemáticas: o **Día Internacional da Narración Oral**. Daquela, o 20 de marzo, unha trintena de espectáculos vaise desenvolver en múltiples puntos de Galicia grazas á colaboración cos festivais [Sete Falares](#) de Pontevedra e [Falando a Boca Chea](#) da Coruña e mais os integrantes do [colectivo NOGA](#).

As historias en estado puro percorreren os barrios, bibliotecas, teatros e auditorios de Santiago de Compostela, Lugo, Pontevedra, A Coruña, Vigo, Lalín, Sanxenxo, Combarro, Ordes, A Laracha, Baiona, Burela, Narón, Culleredo, Meis, Moaña, Padrón, Salcedo, Negreira,



Monforte, Forcarei, Vedra, A Guarda, Carral, Carballo, Teo. Será un día de festa e tamén de reivindicación.

Nesta edición a celebración salienta polo seu carácter moi solidario, xa que @s artistas o día 20 de marzo, percorreran as aulas e salas do Hospital Clínico de Santiago, do Provincial de Pontevedra, do Salnés e Montecelo levando historias aos pacientes de todas as idades dos diferentes centros médicos.

Entre os artistas participantes figuran Vero Rilo, Atenea García, Raquel Queizás, Dani Blanco, Carlos Rebolo, Charo Pita, Ángeles Goás, Cris Collazo, Olga Abad, Celso F. Sanmartín, Ana Meilán, Ramiro Neira, Pablo Díaz, Larraitz Urruzola, Cris de Caldas, Carme Domech, Quico Cadaval, Sole Felloza, Pavís Pavós, Baobab, Migallas e Polo Correo do Vento e a Street Band de jazz.

Ademais, nesta edición o histórico narrador, mestre de narradores, escritor e director de teatro **José Campanari** é o autor do **Manifiesto**, un texto que dende hoxe chegará aos centros de ensino, bibliotecas e concellos para lembrar nestes tempos de tecnoloxías e pausas inexistentes a importancia e a necesidade das historias a viva voz, o encontro cos outros ao redor dunha mesa, para celebrar a memoria, a identidade e a lingua.

A información sobre as diferentes actividades vaise difundir a través das redes sociais das entidades participantes.

### **Unha arte de sempre e moi viva**

A narración oral é unha arte escénica de pequeno formato que está presente en todas as programacións de xeito diario en Galicia. Programacións nas que a asociación de profesionais da Narración Oral Galega (NOGA) insta a ser valorada e recoñecida coma unha arte rica creativa e sólida con capacidade de adaptación a espazos moi diferentes.

Por iso levan traballando dende os festivais e NOGA para visibilizar e poñer en valor o seu oficio poñendo a Galicia e a súa lingua no mapa universal das historias.

No Día Internacional da Narración Oral conmemórase a arte de narrar de viva voz, manifestación artística tamén denominada contacontos. Celébrase cada 20 de marzo, coincidindo co equinoccio de primavera. A festividade tivo a súa orixe en Suecia no ano 1991 e, aos poucos, fóronse engadindo outros países.

**CRÉDITOS** | Manifiesto: José Campanari | Deseño do cartel do 20M: [Raquel Boo](#)

**CONTACTO PRENSA** | [Bea Pérez](#) | 604 070 409 | [prensa@festivalatlantica.gal](mailto:prensa@festivalatlantica.gal)

**ATLANTICA**  
festival internacional de narración oral

FALANDO A  
BOCA CHEA...

SETE  
FALARES  
PONTEVEDRA

**NOGA**  
NARRACION ORAL GALEGA

## MANIFESTO no Día Internacional da Narración Oral 2023

Nos tempos que corren ninguén discute que cociñar é unha arte. Xa non só cociñamos para comermos todos os días, senón que imos aprendendo novas técnicas para mellorarmos a elaboración dos pratos que imos compartir con familiares e amigos. Desde tempos remotos, profesionais da arte culinaria convidannos a unha viaxe polos olores, sabores e texturas que satisfán os nosos desexos de explorar novos mundos desde o noso padal. E algo que comeza sendo unha necesidade cotiá de supervivencia convértese en arte e oficio.

Hoxe conviven esas comidas que elaboramos coas vellas receitas familiares e eses restaurantes onde se produce o encontro co prato do día ou unha degustación *delicatessen* de alta cociña.

Cando pensamos na narración oral acontece algo semellante. Vén á nosa cabeza a imaxe dunha persoa adulta contando un conto para velar os sonhos dunha persoa pequena acubillada na súa cama, o círculo arredor do lume, os faladoiros de sobremesa, as charlas de barra de bar, as lembranzas compartidas mentres repasamos un álbum de fotos. Non poido esquecer as rexoubas entre a veciñanza, no salón de peiteado, ou eses sucesos que lle pasan ao curmán dunha amiga e que resultan tan curiosos que van pasando duns protagonistas aos outros, sempre alguén coñecido que nos conta o que lle pasou á amiga da curmá do irmá do cuñado.

O visto, o vivido, o escoitado, o lido forman parte dese repertorio de contos, historias, anécdotas e lembranzas doutros tempos que se comparten de maneira oral acotío. E, case sen decatármonos, falamos da vida, da morte, do amor, dos medos, dos desexos, do destino, das nosas raíces, recreamos a paisaxe en que vivimos ou coñecemos outros mundos.

Pero fóra do ámbito cotiá, hai xa moitos anos, a narración oral forma parte das axendas culturais. Así podemos atopar, por un lado, sesións ou funcións de persoas que contan historias de viva voz de maneira profesional para todos os públicos en medio dunha programación de funcións de teatro, concertos ou espectáculos de danza e, por outro lado, tamén atopamos programacións e festivais nacionais e internacionais específicos desta arte. Cativos e cativas, adolescentes e persoas adultas poden gozar hoxe en día do pracer de escoitar historias contadas en bares, prazas, bibliotecas, centros culturais, teatros e calquera outra espazo que desenvolva unha programación cultural.

Hoxe conviven esas historias que pasan de boca a orella e de orella a boca mantendo viva a memoria individual e colectiva, coa voz de persoas que contan historias de maneira profesional convertendo este antigo costume social nunha arte que rompe as fronteiras do cotiá para ocupar un lugar dentro do universo das disciplinas artísticas.

Un ano máis, este 20 de marzo, Día Internacional da Narración Oral, lémbraunos que o misterio que gardan as historias segue voando polos aires e nos permite ver a vida desde distintas perspectivas. Descúbrenos que hai outros mundos por coñecer. Móvenos a reflexionar sobre as cousas importantes da vida. Fainos gozar dunha viaxe polas emocións da man de mulleres e homes que dedican a súa vida a explorar esta arte de contar historias de viva voz. Profesionais que viaxan polo mundo partillando o son das palabras para que persoas de todas as idades sigamos vivindo e soñando ben espertas.

José Campanari